

DOMINGO. 28 DE XULLO 2024. 11:00H.

**XI**

# TRAVESÍA A NADADO

PORTO DE VILAGARCÍA



2500 m. | 1200 m. | 250 m.  
[popular] | [menores]

## XX CIRCUITO GALEGO ARZÚA-ULLOA AUGAS ABERTAS



Consello Regulador da DOP  
Arzúa-Ulloa



Federación Galega de Natación  
**FEGAN**



Concello de  
Vilagarcía de Arousa



Fundación  
de deportes



Porto de Vilagarcía



# XXXX TRAVESÍA A NADO DO PORTO DE VILAGARCÍA

## XX CIRCUITO GALEGO ARZÚA-ULLOA AUGAS ABERTAS

DOMINGO 28 DE XULLO DE 2024, 11 H

PROBAS FEDERADAS E POPULARES

### REGULAMENTO

#### **1.-ORGANIZACIÓN:**

A organización da **XXXX Travesía a nado do Porto de Vilagarcía** correrá a cargo dos Clubes Natación e Salvamento Vilagarcía e contará coa colaboración da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía e rexerese polo presente regulamento.

A proba rexerese polo presente regulamento particular, Normativa FEGAN de Aguas Abertas, Normativa de Competición de Aguas Abertas da Federación Española de Natación e Normativa FINA de Aguas Abertas.

A proba estará controlada polo Comité Galego de Arbitros da Federación Galega de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso, arbitráis, que poidera xurdir no desenvolvemento da mesma.

A proba estará incluída dentro do XX Circuito Galego Arzúa-Ulloa de Aguas Abertas.

**2.-DATA:** DOMINGO 28 DE XULLO DE 2024

**3.-HORA DE INICIO DA PROBA:** 11 HORAS

#### **4.-PARTICIPACIÓN**

Poderán participar na travesía nadadores federados e non federados. Enténdese por federado, o deportista con licenza federativa en vigor na tempada 2023/2024 en calquera Federación Territorial dependente da Federación Española de Natación (RFEN).



## 5.- CATEGORÍAS

En cada categoría diferenciase sexo masculino e feminino.

CATEGORÍAS	MASCULINA E FEMENINA	DISTANCIA
1	<b>ABSOLUTA:</b> Nados 2010 e anteriores con licenza federativa e nadadores populares de 2003 a 2008).	2500
2	<b>MASTER 1:</b> Nados 2004 a 1985 (de 20 a 39 anos)	2500
3	<b>MASTER 2:</b> Nados 1984 a 1974 ( de 40 a 49 anos)	2500
4	<b>MASTER 3:</b> Nados 1973 a 1960 (de 50 a 64 anos)	2500
5	<b>MASTER 4:</b> Nados en 1959 e anteriores (+ 65 anos)	2500
6	<b>POPULAR:</b> Nados 2007 e anteriores e 2008 anteriores	1200
7	<b>INFANTIL:</b> Nados 2008-2009 e 2009-2010-2011	1200
8	<b>ALEVÍN:</b> Nados 2010-2011 e 2012-2013	1200
9	<b>MENORES:</b> Nados 2012 e 2014 e posteriores	250

### PERCORRIDO A: 2.500 metros

- **Cat. 1ª. ABSOLUTA:** Nados no 2010 e anteriores (14 anos e posteriores con licenza federativa de Natación e nadadores populares de 2003 a 2008). 21-16 anos.

Nas seguintes categorías poderán participar nadadores populares e nadadores con licenza federativa:

- **Cat. 2ª. MASTER 1:** Nados 2004 a 1985 (de 20 anos a 34 anos).
- **Cat. 3ª. MASTER 2:** Nados 1984 a 1974 (de 35 anos a 49 anos)
- **Cat. 4ª. MASTER 3:** Nados 1973 a 1960 (de 50 anos a 64 anos)
- **Cat. 5ª. MASTER 4:** : Nados en 1959 e anteriores ( + 65 anos).

### PERCORRIDO B: 1200 metros (Proba popular)

- **Cat. 6ª. POPULAR 1200:** Masculino 2007 e anteriores. Feminino 2008 e anteriores (+ 17 anos en masculino e + 16 en feminino).
- **Cat. 7ª. INFANTIL:** Masculino 2008-2009. Feminino 2009-2010-2011 (de 16 e 15 en masculino e 15, 14 e 13 en feminino).
- **Cat. 8ª. ALEVÍN:** Masculino 2010-2011. Feminino 2012-2013 (de 14 e 13 en masculino e 12 e 11 en feminino).



### **PERCORRIDO C: 250 metros (Proba de menores)**

- **Cat. 9ª. MENORES:** Masculino, nados en 2012 e posteriores. Feminino nados en 2013 e posteriores (de 12 anos e menores en masculino e 11 anos e menores en feminino).

### **4. PERCORRIDOS (FOTOS NO ANEXO)**

A saída darase dende a Dársena A do Porto de Vilagarcía de Arousa, na orde seguinte: O primeiro será o Percorrido A (2500) e unha vez finalizado sairán o Percorrido B (1200) e a continuación os do Percorrido C (250).

O percorrido A consistirá nunha volta ao circuito establecido polas Boias 1 e 2 cunha saída e meta na mesma Dársena A do peirao (as boias núm. 1 e 2 son de obrigado paso) e deixarase a esquerda. Situaranse boias de orientación para a mellor orientación.

O percorrido B consistirá nun trazado de ida e volta ata Boia 1 cunha saída dende a Dársena A do peirao e volta á meta nesta mesma darsena.

O percorrido C consistirá nunha liña recta de ida e volta ata una boia de obrigado paso cunha saída e meta na mesma Dársena A do peirao.

A meta, debidamente sinalizada estará situada na Dársena A. Unicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta.

**TRAVESÍA 2500: SAÍDA CATEGORÍAS 1,2,3,4, 5 (2500 METROS): 11.00 HORAS**

**TRAVESÍA 1200:SAÍDA CATEGORÍAS 5, 6, 7 e 8 (1200 METROS): 12.00 HORAS**

**TRAVESÍA 250: SAÍDA CATEGORÍA 9 (250 METROS): 12.45 HORAS**

### **5.- INSCRICIÓNS**

As inscricións realizaranse a través da plataforma: <http://championchipnorte.com/>

CATEGORÍAS	ATA 0 15 DE XUÑO	DO 15 XUÑO AO 14 DE XULLO	DO 15 AO 25 DE XULLO
9 (250 METROS)	GRATUITA	GRATUITA	GRATUITA
RESTO DE CATEGORÍAS	8 EUROS	12 EUROS	15 EUROS

A devolución de chip+portachip é obligatoria. As inscricións poden facerse ata o xoves 25 de xullo de 2024 ás 23:59 na páxina web de champiochipnorte.



A inscrición inclúe:

- Cronometraxe por chip.
- Sistema de videochegada.
- Control de tempos en vivo e en directo. Envío de información instantánea o teléfono móbil de cada participante (tempo en meta, posto, clasificación, ritmo), así como publicación instantánea nas redes sociais de cada participante.
- Seguro de accidentes para cada participante.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Avituallamento post competición.

Establécese un límite de 350 participantes. Admitiranse inscricións no mesmo día da proba, ata as 10 horas, sempre que non se supere o tope máximo de inscricións. As inscricións individuais no día da proba teran un recargo de 10 euros.

A inscrición a Travesía a nado ao Porto de Vilagarcía supón a aceptación do presente regulamento.

## **6. NORMATIVA TRAXES DE BAÑO**

En todas as distancias e categorías serán de rigorosa aplicación, no referente a utilización de traxes de baño; a Normativa FEGAN de Aguas Abertas, a Normativa de Competición de Aguas. Non obstante, o presente regulamento permite as seguintes excepción:

Os nadadores e nadadoras das probas de 2500m que non desexen puntuar no Circuito Galego de Aguas abertas e todos os que participen no resto de distancias, poderán nadar sen traxe térmico (neopreno), no caso de que os reglamentos federativos o consideren obligatorio, optando a premios pese a non puntuar nos circuitos correspondentes.

Así mesmo os nadadores que o consideren poderán participar en tódalas probas con traxe térmico (neopreno), aínda que os regulamentos federativos non o permitan, clasificando, pero sen optar a premios, nin a puntuación nos circuitos correspondentes

Os nadadores que o consideren poderán participar con neopreno con independencia da temperatura da auga.

## **7.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA**

O **percorrido A** das probas ABSOLUTA e MASTER de **2500 m**, consistirá nunha volta ao circuito establecido polas boias 1 e 2. A saída terá lugar dende a dársena A do peirao. Estas boias 1 e 2 sempre se deixarán a má esquerda.



Para as probas INFANTIL, ALEVÍN e POPULAR **1200 m**, o **percorrido B** constará dunha volta a boia 1 con saída e meta na Darsena A do peirao. Haberá unha boia na entrada da Darsena A da meta no peirao para a mellor orientación dos nadadores.

Para a proba MENORES **250 m**, o **percorrido C** consistirá dunha volta a unha boia que se situará a 125 m saída e meta na Dársena A do peirao.

A zona de concentración para os adestradores e delegados dos clubs participantes será o espazo reservado a tal fin no peirao, que estará debidamente sinalado ás dez (10 h) para a presentación da documentación oficial e aclaracións ou dúbidas.

Todos os nadadores participantes antes das saídas serán controlados mediante un sistema de cronometraxe de chip.

A organización poderá pechar a chegada a meta, transcorridos vinte minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso, os nadadores que estexan no mar serán recollidos polas embarcacións de seguridade para trasladalos á meta.

Durante todo o percorrido da proba contarase coa colaboración de Protección civil, lanchas de seguridade, xuíces e socorristas.

## **8.- PREMIOS**

En cada categoría haberá clasificación masculina e feminina:

### **1ª. ABSOLUTA (2.500 metros)**

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

### **2ª. MÁSTER 1 (2.500 metros)**

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

### **3ª. MÁSTER 2 (2.500 metros)**

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

### **4ª. MÁSTER 3 (2.500 metros)**

- 1º Clasificado- Trofeo.



2º Clasificado- Trofeo.

3º Clasificado- Trofeo.

5ª. MÁSTER 4 (2.500 metros)

1º Clasificado- Trofeo.

2º Clasificado- Trofeo.

3º Clasificado- Trofeo.

6ª. INFANTIL (1.200 metros)

1º Clasificado- Trofeo.

2º Clasificado- Trofeo.

3º Clasificado- Trofeo.

7ª. ALEVÍN (1.200 metros)

1º Clasificado- Trofeo.

2º Clasificado- Trofeo.

3º Clasificado- Trofeo.

8ª. POPULAR (1.200 metros)

1º Clasificado- Trofeo.

2º Clasificado- Trofeo.

3º Clasificado- Trofeo.

9ª. MENORES (250 metros)

1º Clasificado- Trofeo.

2º Clasificado- Trofeo.

3º Clasificado- Trofeo.

Tamén recibirán trofeo os primeiros nadadores locais masculino e feminino (percorrido A) e ao nadador máis veterán e máis xove. Haberá premios especiais mediante sorteo a través dos dorsais dos participantes.

## ANEXO .- DESCRICIÓN DOS TRAZADOS

O percorrido A para as categorías ABSOLUTA, MASTER, constará dunha volta ao circuito establecido polas boias 1 e 2. A saída terá lugar dende a dársena A do peirao. As boias de paso obrigatorio 1 e 2 sempre se deixarán a má esquerda.

### PERCORRIDO A: 2.500 M





## PERCORRIDO B TRAVESÍA POPULAR: 1200 M

Para o Percorrido B das probas INFANTIL, ALEVÍN e POPULAR 1200 m, o percorrido constará dunha volta a boia 1.



## PERCORRIDO C: 250 M

